# Debate

Achegado por
viernes, 13 de abril do 2007
Última actualización martes, 09 de octubre do 2007

Trala presentación do 2º
borrador da Consellería creemos necesario consensuar a postura
que debe defender a Asociación diante das autoridades
educativas, comunidade escolar e outros colectivos.

A proposta que defende ata agora
Asomúsica nace da necesidade de dar unha alternativa real ó
horario da Consellería. Para iso consensuamos coa asociación
de Tecnoloxía e o colectivo de Plástica un cadro
horario.

(continúa...)

Nesa proposta, xa coñecida,
cambiabamos unha hora de obrigatoriedade pola continuidade da
materia en tódala ESO. Así tamén gañábamos
dúas horas de optatividade e unha hora no còmputo
global (sumando optativas e obrigatorias).

1º Ciclo

2º Ciclo

Horas

Cursos

1º ESO

2º ESO

3º ESO

4º ESO

Obri

Opt

Total

Situación actual

0

3

2

Opt 3

5

3

8

1º Borrador Consellería

0

3

Opt 2

Opt 3

3

5

8

Proposta Asomúsica

2

2

Opt. 2

Opt 3

4

5

9

2º Borrador Consellería

0

2

2

Opt 3

4

3

7

Está claro que neste 2º
borrador as demandas de Asomúsica non se cumplen:

1.- A materia non ten a continuidade
demandada

2.- Pérdense 2 horas no
cómputo total.

Dentro do colectivo que conforma o
profesorado de música en secundaria atópanse diferentes
situacións laborais.Adscritos de primaria, secundaria,
catedráticos, interinos, substitutos, contratados laborais
fixos na privada, contratados por horas, con destino en centros de
moitas liñas, con destinos en CPI,  etc

Cada un fai unha valoración en
función de súa situación persoal, como en parte

é lóxico.

Sen embargo, os que temos a
responsabilidade de defender ós asociados e asociadas de
Asomúsica, temos que ter a todos en conta do xeito máis
equitativo, obxectivo e solidario que poidamos.

Por iso plantexamos dúas opcións
para continuar co noso labor que desexamos debatir neste foro .

http://www.asomusica.com/foros/viewforum.php?f=20

Opción A. Continuar a
defender a proposta de Asomúsica.

Opción B. Defender a
distribución horaria actual.

Pros e contras

Necesitaremos argumentos razoables e de peso que defendan calquera das
opcións pois seremos nós os que teremos que dar a cara defendendo a
proposta.

Opción A

Argumentos a favor

Continuidade en tódala ESO

Maior carga lectiva total

Organización educativa lóxica. Obrigatoriedade no ciclo inferior e optatividade no superior.

Argumentos na contra

Perda dunha hora de obrigatoriedade

“Posible” menor continuidade respecto ó Bacharelato

Loita pola optatividade con outras materias.

Posibles problemas coa optatividade en centros de poucas liñas.

Opción B

Argumentos a favor

“Posible” maior continuidade respecto ó Bacharelato

Argumentos na contra

Non ten continuidade na ESO

Menor carga lectiva total

Algúns  datos

Número de Centros en Galicia

IES

261

CPI

71

CIFP

8

CPR con ESO e Bacharelato

75

CPR só con ESO

110

Total

525

Votación

Tralo debate faremos unha votación na que poderá participar todo o profesorado de música de Secundaria (socio ou non). Evidentemente faremos o reconto dos votos dos socios e ese resultado será a referencia.. O profesorado que non sexa socio e participe será tomado en consideración pero a decisión final dependerá das persoas ás que representa directamente asomúsica.

As mensaxes recibidas antes ou despois da data sinalda non se tomarán en conta así como as repetidas.

- Data de inicio: Luns 16 de abril ás 8:00 horas
- Data da fin: Mércores 18 de abril ás 22:00 horas

Para comprobar a identidade dos votantes pregamos aportar estes datos:

- Nome e dous apelidos
- DNI
- Centro de traballo
- Email

- Calquera comentario que consideredes oportuno.

No asunto da mensaxe escribir somentes

- Opción A

- Opción B

O enderezo é:

votacion[arroba]asomusica.com

ou podedes usar este formulario:

http://www.asomusica.com/index.php?option=com_contact&task=view&contact_id=12&Itemid=3

¡Por favor!, aínda que aclaredes e comentedes a vosa proposta, non vos olvidedes de escribir explícitamente

OPCIÓN A ou OPCIÓN B

para maior claridade e evitar erros.

Gracias.